

SEPE

Traballo a distancia

3/09/2025

---

Ante a posta en marcha por parte do SEPE do “Novo procedemento de **seguimento do traballo a distancia**” que obriga a cumplimentar un **formulario** cada vez que realice unha xornada de traballo a distancia, o 22 de agosto, tal e como dixemos na nota informativa que publicamos ese día, a CIG fixo una consulta aos servizos centrais.

Solicitamos información sobre as seguintes cuestións:

1. Quen, dentro da estrutura do sepe, recibe os cuestionarios que envía o persoal ao final da xornada e é responsable do tratamiento dos datos .
2. Quen vai realizar a análise dos devanditos datos e a valoración dos mismos.
3. Que criterios van usar para avaliar o traballo desenvolvido por cada persoa.

Por fin chegou a **contestación** que trasladamos literalmente:

*Los cuestionarios los reciben los Directores/as Provinciales y los Subdirectores de gestión económica en las provincias y los Subdirectores en SSCC pero la idea es ampliarlo a las jefaturas de unidad. Estamos empezando a trabajar y todavía estamos definiendo como vamos a proceder.*

*Iremos informando cuando vayamos avanzando.*

Como podedes observar só contestan á primeira pregunta pero non din quién realiza a análise dos datos e os valora nin os criterios usados para avaliar o traballo desenvolvido. Segundo parece, aínda están “empezando a traballar” pero **mentres tanto**, o persoal ten que cubrir os cuestionarios todos os días que teletraba.

En fin, un despropósito.